

APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

O 19 de maio de 2023, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia (PXMA), que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O PXMA prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que agrupan os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte das súas respectivas estruturas e os das entidades adscritas a elas.

Así mesmo, segundo o PXMA, coa aprobación dos seus propios plans declárase o compromiso das consellerías coa política de integridade e prevención de riscos establecida no PXMA.

En particular, as persoas titulares dos centros directivos e das entidades instrumentais adscritas a esta consellería formularon a súa proposta de aprobación dos seus respectivos plans específicos ou, se é o caso, a súa proposta de incorporación do seu documento *Compliance*, segundo se relaciona a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO/DE INCORPORACIÓN DO COMPLIANCE (DATA)
Secretaría Xeral Técnica	9/11/2023
Secretaría Xeral de Política Lingüística	24/01/2024
Secretaría Xeral de Universidades	12/02/2024



Dirección Xeral de Cultura	20/11/2023
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	5/02/2024
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	2/02/2024
Dirección Xeral de Formación Profesional	21/11/2023
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos	9/02/2024
Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)	8/11/2023
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	27/11/2023

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

O plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que se insire a continuación.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	1
2	CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA.....	2
3	FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES NA XESTIÓN DE RISCOS.	4
3.1	A CONSELLERÍA	4
3.2	RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	4
4	ANEXOS	5
4.1	PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	5
4.2	PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE	5



1 INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

O presente documento constitúe o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e inclúe os plans específicos dos centros directivos e entidades instrumentais que se relacionan a continuación, e que se incorporan como anexos a este plan:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE INSTRUMENTAL	TIPO DE PLAN ESPECÍFICO	
	PLAN ESPECÍFICO	DOCUMENTO <i>COMPLIANCE</i>
Secretaría Xeral Técnica	✓	
Secretaría Xeral de Política Lingüística	✓	
Secretaría Xeral de Universidades	✓	
Dirección Xeral de Cultura	✓	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	✓	
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	✓	
Dirección Xeral de Formación Profesional	✓	
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos	✓	
Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)	✓	
Fundación Cidade da Cultura de Galicia	✓	

Se é o caso, a incorporación sucesiva de máis centros directivos e entidades suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos desta consellería.



2 CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

(en diante, Decreto 119/2022, do 23 de xuño).

Competencias

Segundo o artigo 1 do 119/2022, do 23 de xuño, esta Consellería configúrase como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter cultural e educativo; as competencias e función que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e se regula o Consello Galego de Formación Profesional.

Todo iso de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, nas leis orgánicas reguladoras do sistema educativo español e na demais normativa que sexa de aplicación.

Estrutura

O artigo 2.1 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería se estrutura nos seguintes órganos superiores e de dirección:

1. A persoa titular da Consellería.
2. A Secretaría Xeral Técnica.
3. A Secretaría Xeral de Política Lingüística.
4. A Secretaría Xeral de Universidades.
5. Dirección Xeral de Cultura.
6. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
7. Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
8. Dirección Xeral de Formación Profesional.
9. Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

No artigo 2.2 adscribíense a esta consellería as seguintes entidades:

- a) *A Axencia Galega das Industrias Culturais.*
- b) *O Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia.*
- c) *A Fundación Pública Camilo José Cela.*
- d) *A Fundación Cidade da Cultura de Galicia.*
- e) *Fundación do sector público autonómico Museo do Mar de Galicia.*



Ademais destas, son entidades adscritas a esta consellería as seguintes:

- a) *A Comisión Mixta Xunta-Igrexa, regulada polo Decreto 84/2017, do 3 de agosto.*
- b) *O Consello de Arquivos, regulado no Decreto 25/2016, do 3 de marzo, polo que se regula a súa composición e funcionamento.*
- c) *O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, regulado polo Decreto 122/2012, do 10 de maio.*
- d) *A Comisión Técnica de Arqueoloxía, regulada polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.*
- e) *O Comité Asesor do Camiño de Santiago, regulado polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.*
- f) *A Comisión Técnica de Etnografía, regulada polo Decreto 60/2008, do 13 de marzo.*
- g) *O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, regulado polo Decreto 190/2013, do 19 de decembro.*
- h) *O Consello Coordinador de Publicacións da Xunta de Galicia e a Comisión Permanente de Publicacións, regulados polo Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.*
- i) *O Consello Asesor do Libro, regulado polo Decreto 178/2007, do 13 de setembro.*
- j) *O Consello Asesor do Centro Galego de Arte Contemporánea.*
- k) *O Consello de Avaliación Documental de Galicia regulado por el Decreto 15/2016, do 14 de xaneiro.*
- l) Os consellos territoriais de patrimonio, regulados polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.
- m) A Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, creada polo Decreto 58/2006, do 30 de marzo.
- n) A Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística, creada polo Decreto 258/2006, do 28 de decembro.
- ñ) O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.
- o) O Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
- p) O Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia creado polo Decreto 104/2011, do 11 de maio.
- q) O Consello Galego de Formación Profesional, creado polo Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado polo Decreto 214/2003, do 20 de marzo.
- r) O Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro.
- s) A Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitarios, creada pola Orde do 11 de novembro de 1999 e, a nivel territorial, as xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitarios, creadas pola Orde do 10 de decembro de 1997.
- t) A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, creada polo Decreto 105/2020, do 9 de xullo.
- u) A Comisión de Toponimia, regulada polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño, adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola disposición adicional quinta do Decreto 108/2022, do 16 de



xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

3 FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES NA XESTIÓN DE RISCOS

Sen prexuízo das funcións e responsabilidades previstas no PXMA respecto da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión, e demais órganos transversais, concrépanse neste plan as previsións aplicables a cada centro directivo e entidade desta Consellería.

3.1 A CONSELLERÍA

O compromiso desta Consellería asúmese mediante a aprobación, por parte da persoa titular respectiva, deste plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que agrupa todos os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades adscritas a ela.

Ademais, tal compromiso implica, entre outras, a responsabilidade de divulgar entre o persoal da consellería os riscos identificados e os mecanismos de detección previstos para que se involucre nun ecosistema de control e execución das medidas programadas.

3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, neste plan procédese a designar como órgano ou unidade responsable de integridade e prevención de riscos desta Consellería á persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa e Réxime Xurídico.

Así mesmo, os órganos ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos no ámbito de actuación das entidades instrumentais adscritas a esta Consellería, aparecen designados no seus respectivos plans específicos.

A estes órganos ou unidades responsables correspóndenlles as seguintes funcións:

- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.



- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses , en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.
- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaría xeral técnica da consellería e os órganos de goberno ou executivo das entidades adscritas, respectivamente.

4 ANEXOS

4.1 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

4.2 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

4.3 PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES

4.4 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA

4.5 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

4.6 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

4.7 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL

4.8 PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

4.9 PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

4.10 PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

